

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**8783** *Real decreto 629/2010, do 14 de maio, polo que se modifica o Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación de accidentes e incidentes de aviación civil, co fin de modificar a composición da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil.*

A determinación das causas dos accidentes e incidentes producidos no ámbito da aviación civil constitúe un importante mecanismo para previr a súa produción no futuro, e contribuír así á mellora da seguridade aérea.

O marco normativo sobre a investigación de accidentes e incidentes de aviación civil en España está determinado polo Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación de accidentes e incidentes de aviación civil, que incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 94/56/CE, que establece os principios fundamentais para a investigación de accidentes de aviación civil na Unión Europea, así como pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que supuxo un importante avance desde o punto de vista da mellora da independencia da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil.

O Consello de Ministros da Unión Europea e o Parlamento Europeo están tramitando na actualidade un regulamento comunitario sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil, que aborda cambios de tipo organizativo, avances na coordinación das autoridades encargadas da investigación técnica e da xudicial, medidas de protección da información obtida no curso da investigación e melloras no seguimento das recomendacións de seguridade.

Así mesmo, no ámbito nacional estase a tramitar un proxecto de lei polo cal se establece o Programa Estatal de Seguridade Aérea e se modifica a Lei 21/2003, do 4 de xullo, de seguridade aérea, que, entre outros, comprende a reforma da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes para fortalecer a independencia dos seus membros, e outras medidas para mellorar o cumprimento das súas recomendacións.

Tendo en conta a exhaustiva reforma de que está a ser obxecto a investigación de accidentes, o obxecto deste real decreto limitase aos cambios estritamente necesarios para modificar a actual composición da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil. Para iso, introdúcese maior control parlamentario na designación do presidente, redúcese o número dos seus membros, elimínase a necesidade de estar xubilado por idade para ser designado vogal e fortalécese a súa independencia, ao vincular a súa composición exclusivamente ao prestixio e á competencia profesional no sector da aviación civil.

O mandato dos membros da Comisión expirou, xa que estes foron nomeados entre 1998 e 2002, polo que se considerou necesario renovar a composición da Comisión baixo as novas regras establecidas neste real decreto, garantindo a súa aplicación inmediata ao se prever na disposición adicional un prazo máximo de tres meses para que se proceda á renovación da citada comisión.

O resto das modificacións puntuais introducidas teñen por obxecto mellorar o funcionamento interno da Comisión, garantindo que conte cos recursos necesarios ante accidentes ou incidentes especialmente graves e asegurando a súa coordinación coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea no ámbito da notificación de sucesos e, en concreto, no ámbito dos incidentes de tránsito.

Por último, establécese a competencia da Comisión para investigar os accidentes ou incidentes de aviación, cando a normativa vixente non atribúa esta competencia a ningún órgano específico.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 14 de maio de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación de accidentes e incidentes de aviación civil.*

O Real decreto 389/1998, polo que se regula a investigación de accidentes e incidentes de aviación civil, queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Composición.*

1. A Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil está constituída por un Pleno e asistida por unha Secretaría.

2. O Pleno estará composto por un presidente e seis vogais designados, conforme o previsto na Lei 21/2003, do 7 de xullo, entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional no sector da aviación civil nas especialidades de enxeñaría, as operacións aéreas, as infraestruturas aeronáuticas, a navegación aérea, a docencia e a investigación ou calquera outra conexas anteriores, e valorarase especialmente a súa independencia, obxectividade de criterio e a solvencia demostrada no desempeño de cargos de responsabilidade en empresas públicas ou privadas do sector.

O ministro de Fomento procederá á designación do presidente nos termos establecidos na Lei 21/2003, do 7 de xullo.

3. O Pleno da Comisión, na súa sesión constituínte e por proposta do presidente, designará de entre os vogais un vicepresidente e nomeará un secretario, por proposta do ministro de Fomento, entre funcionarios incluídos na relación de postos de traballo do departamento. O secretario actuará nas reunións do Pleno con voz pero sen voto.

O vicepresidente substituirá o presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade. En caso de ausencia do vicepresidente designado, actuará como tal o vogal de máis idade.

4. Dependendo do Pleno existirá unha Secretaría, que disporá do persoal administrativo e técnico, entre outros, os investigadores, preciso para o cumprimento dos seus fins. O secretario organizará o seu traballo baixo as ordes e instrucións do presidente ou do Pleno da Comisión.

5. O presidente da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil, dentro do primeiro semestre de cada exercicio, elevará ao ministro de Fomento un informe aprobado polo Pleno, que incluírá a seguinte información relativa ao exercicio inmediatamente anterior:

- a) Datos da sinistralidade aérea no ano natural anterior.
- b) Informe sobre as investigacións emprendidas e as finalizadas no ano anterior, así como todas aquelas en que se participe conforme as normas e os métodos recomendados internacionais.
- c) Recomendacións sobre seguridade formuladas no ano natural anterior e evolución que durante ese ano tivesen as recomendacións sobre seguridade emitidas con anterioridade.
- d) Cantas outras cuestións considere relevantes no exercicio das funcións que ten atribuídas.»

Dous. A disposición adicional terceira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional terceira. *Medios materiais e persoais.*

1. O Ministerio de Fomento dotará a Secretaría da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil dos medios persoais e materiais

necesarios para o desempeño das súas funcións, sen que isto supoña incremento do gasto público.

2. No caso de circunstancias excepcionais como consecuencia de gastos extraordinarios necesarios para levar a cabo a investigación de accidentes e incidentes especialmente graves, a Comisión poderá dispor de fondos de emerxencia adicionais con cargo aos créditos orzamentarios consignados ao Ministerio de Fomento.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Coordinación entre a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil, en materia de seguridade operacional.*

A Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil comunicarlle á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, a través do sistema de notificación obrigatoria de sucesos na aviación civil creado ao abeiro do Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro, os incidentes dos cales teña coñecemento e sobre os cales non vaia instruír unha investigación.

AAxencia Estatal de Seguridade Aérea proporcionará á Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil acceso á base de datos de sucesos a que se refire o artigo 5 do mencionado Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro. Pola súa parte, a Comisión remitirá á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para a súa inclusión na citada base de datos, información dos accidentes e incidentes graves sobre os cales instruíu unha investigación.

A comunicación da información prevista nesta disposición realizarase nos termos autorizados pola Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Para os efectos de garantir o exercicio das respectivas competencias en materia de incidentes de tránsito aéreo, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Comisión establecerán os mecanismos de coordinación oportunos.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional quinta do seguinte teor:

«Disposición adicional quinta. *Investigación técnica dos accidentes e incidentes de aviación das aeronaves de Estado non militares.*

A Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil é competente para a investigación técnica dos accidentes e incidentes de aviación das aeronaves de Estado non militares. Nestes casos respectarase as peculiaridades derivadas da operación e do uso da aeronave afectada.

A Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil e as respectivas administracións públicas afectadas poderán establecer protocolos de colaboración nos cales se concreten as peculiaridades a que se axustará a investigación destes accidentes e incidentes da aviación.»

**Disposición adicional única.** *Renovación da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil.*

No prazo máximo de tres meses contado desde a entrada en vigor deste real decreto, procederase á renovación da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil nos termos previstos nel.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencias exclusivas en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 14 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,  
JOSÉ BLANCO LÓPEZ